

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 21/01/1954

Colección:

Data: 21/01/1954

De:

Luís Seoane;

Para:

Ramón Piñeiro;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Libro de Tapas; Artes; Artes visuais; Literatura;

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Domingo García-Sabell; Lorenzo Varela;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 21/01/1954

Buenos Aires, 21 de xaneiro de 1954

Sr. D. Ramón Piñeiro

Santiago de Compostela

Querido Piñeiro:

Recibín fai uns días a túa carta de Decembro e quero contestala denantes que o tempo me esgane no seu aguzado avance. Pasei unha tempada abrouxado de traballo. Fixen dous murales importantes que gustan moito e nos que intentéi renovar, na medida das miñas cativas forzas, ese xénero de pintura. Grandes llanos de cór dinamizados con grafismos un pouco á maneira dos románicos, e máis concretamente dos muros pintados de San Isidoro de León, dos que lembrome a miúdo, e que teño no meu curazón coma as pedras labradas do noso románico, endemáis as do Pórtico da Gloria, pra mín a obra máis xenial de Galiza e das que

me enviou Domingo unhas moi boas fotos que agradézolle fondamente. As lembranzas vanse tamén perdendo co apartamento da terra. Traballo o que poido, traballo sempre, sin saber ben pra qué. Nun meio do que mellor é non falar si temos de referirnos á coexistencia, fundamentada en argalladas sandeas e cuio valor maior reside nas individualidades máis humildosas.

Quixera sere parceiro do voso traballo máis o meu destiño é outro, e os que estamos eiquí temos de traballar isolados, lonxe de todo aquilo que amamos, e lonxe tamén do que nos cerca. En marzo sae un libro de poemas en galego de Varela con grabados en madeira meus. Os poemas son extraordinarios, entre eles un adicado a Lugo, e trataremos de facer unha boa edición. Todo está feito en homenaxe a esa terra perdida cicáis pra nós.

Non recibín aínda o tomo de Galaxia sobor da saudade que me anuncia Del Riego e que supoño será moi bon. Tiña noticias dél por Domingo.

O Libro de Tapas acadou un gran éxito nesta, téndose pagado en moi pouco tempo, tres ou catro meses, a edición a pesares do seu outo prezo, iestou contento deste eisito. Teño que remitilo aínda a moitos amigos desa e fareino nestes días.

Creo que nunha anterior agradecínche as túas liñas da revista Lar adicadas ao meu libro, que as supoño polas súas xenerosas verbas guiadas pola túa amizade. De todas sortes, coma nunca estou seguro de ter contestado as cartas, quero voltar a manifestar o meu agradecemento por ese artigo. A todos vós dévobos as máis gratas emociós e os pulos millores, e a todos vós de certo xeito vai adicada toda a miña obra que ven sendo desí o acougo que ninguén pode contarme.

Preparo outras cousas das que xa falaremos.

Nemantras recibe a forte aperta do teu amigo

Seoane.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.